



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: TALLER DE COMPOSICIÓN

Opción A) para os alumnos da especialidade de composición (1 curso)

Créditos:6

OBXECTIVOS

- O obxectivo desta disciplina é o de experimentar con material real para que os alumnos poidan dominar todos os recursos posibles, a base do traballo directo con diferentes agrupacións instrumentais.

CUADRIMESTRE 1º

CONCEPTOS

- Adquirir experiencia directa dos recursos sonoros da combinación de agrupacións instrumentais reducidas.
- Alcanzar un coñecemento completo das posibilidades expresivas e sonoras dos instrumentos que se van a utilizar.
- Explotar os recursos compositivos combinados cos recursos sonoros dos instrumentos e agrupacións instrumentais en cuestión.

PROCEDEMENTOS

- Escribir pequenas composicións para dúos, tríos, cuarteto e quintetos instrumentais poñendo especial interese na exploración dos recursos dos instrumentos realizados.
- Os grupos instrumentais procurarán dar a oportunidade de facer mestura interesantes entre instrumentos da mesma familia e de outras familias.
- Audición das mesmas.
- Análise e debate sobre os resultados.
- Se é posíbel, os propios alumnos activos deberán participar como intérpretes aportando os instrumentos que dominan.

NOTA: Os instrumentos solicitados para este cuadrimestre son 1 Frauta - 1 Clarinete- 1 Percusionista - 2 Pianos - 1 Violín - 1 Violoncello.

CUADRIMESTRE 2º

CONCEPTOS

- Experimentar con grupos instrumentais mais amplos: agrupacións de vento, de corda, mestura e finalmente con toda a orquestra.
- Adquirir un coñecemento o máis amplo posíbel dos recursos instrumentais destes conxuntos.
- Aproveitar estes recursos tímbricos, expresivos e sonoros para ampliar os propios recursos compositivos.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: TALLER DE COMPOSICIÓN

PROCEDEMENTOS

- Escribir breves composicións para conxuntos instrumentais varios (quintetos, sextetos, etc. de vento, de corda e de mestura; con piano, sen piano, con percusión, etc.) poñendo especial interese na exploración dos recursos sonoros e tímbricos de ditos conxuntos.
- Os grupos instrumentais deberán dar a oportunidade de facer mestura interesantes entre instrumentos da mesma familia e de outras familias.
- Audición destas obras.
- Análise e debate sobre os resultados.

NOTA: Os instrumentos solicitados para este cuadrimestre son os mesmos da anterior -1 Frauta - 1 Clarinete- 1 Percusionista - 2 Pianos - 1 Violín - 1 Violoncello.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarán-se distintos xeitos do traballo:

- Rapidez na composición
- Coñecemento dos recursos compositivos
- Coñecemento dos recursos dos instrumentos
- Coñecementos dos recursos dos grupos instrumentais
- Coñecemento dos recursos da orquestra

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia , xuño e setembro

- Presentarán-se os traballos realizados durante os dous cuadrimestres que non deberán ser alomenos 1 por mes. É dicir, un total mínimo de 8 traballos.

NOTA: O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresaínte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: TALLER DE COMPOSICIÓN

Opción B) MATERIA DE LIBRE ELECCIÓN, para os alumnos de todas as especialidades, excepto composición (1 cuatrimestre)

Créditos:3

OBXECTIVOS

- O obxectivo desta disciplina é o de experimentar a base do traballo directo con material orixinal, escrito especialmente para as clases polos alumnos da especialidade de composición.

CUADRIMESTRE ÚNICO

CONCEPTOS

- Experimentar con grupos instrumentais mais amplos: agrupacións de vento, de corda, mesturas e finalmente con toda a orquestra.
- Adquirir un coñecemento o mais amplo posíbel dos recursos instrumentais destes conxuntos.
- Adquirir experiencia directa dos recursos sonoros da combinación de agrupacións instrumentais reducidas.
- Atinxir un coñecemento completo das posibilidades expresivas e sonoras dos instrumentos que se van utilizar.
- Explotar os recursos compositivos combinados cos recursos sonoros dos instrumentos e agrupacións instrumentais en cuestión.

PROCEDEMENTOS

- Interpretar os exercicios elaborados polos alumnos de composición.
- Empregar diversas combinacións instrumentais nas clases que aporten resultados de interese para o alumnado, poñendo especial interese na exploración dos recursos sonoros e tímbricos de ditos conxuntos.
- Os grupos instrumentais procurarán dar a oportunidade de facer mesturas interesantes entre instrumentos da mesma familia e de outras familias.
- Audición destas obras.
- Análise e debate sobre os resultados.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: TALLER DE COMPOSICIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarán-se distintos xeitos do traballo:

A avaliación será continua, valorando-se, ademais:

- Grao de participación e interese nas clases
- Aportar solucións alternativas aos problemas técnicos xurdidos
- Sentido crítico ante os exercicios propostos
- Coñecemento dos recursos dos instrumentos
- Coñecementos dos recursos dos grupos instrumentais
- Coñecemento dos recursos da orquestra

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia , xuño e setembro

A avaliación será continua, polo tanto, non se realizará ningunha proba considerándose suficiente a asistencia, participación e consecución dos criterios de avaliación.

NOTA:

1.- Debido ás características desta materia de libre elección non se realizarán exames, sendo necesaria para a súa superación a asistencia ás clases.

2. - O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresaínte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.

METODOLOXÍA

- O material curricular básico a empreñar será os exercicios que realice o/os alumno/s e que servirán para o traballo na aula.
-

RECURSOS

Agrupamentos

- Grupo de 6 profesores e 1 alumno coa seguinte plantilla: 1 frauta, 1 clarinete, 1 violín, 1 violoncello, 1 percusionista e 2 pianos, unha vez por semana 2 horas cada sesión de clase
-

Espazos

- Aula de 60 metros cadrados



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: TALLER DE COMPOSICIÓN

Materiais

- Material discográfico e partituras
- Equipo de Audio
- Un piano
- Mobiliario: encerados por clase, armarios, cadeiras con pao, mesa e cadeira para o profesor, papeleira, percheiro.